

Expediente: 3742/2024

Asunto: LICITACIÓN PARA CONTRATAR O SERVIZO DE PROGRAMACIÓN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE PONTEAREAS

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Recoñécese o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para desenvolver accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, a prevención e a erradicación da violencia de xénero, así como para establecer as condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social, polo que nesta materia se vén traballando coas entidades locais no marco da colaboración e coordinación, para avanzar na consecución do obxectivo común de acadar unha sociedade igualitaria e coas mesmas oportunidades para mulleres e homes. A súa vez, promóvese e impúlsase un marco de xestión compartida no ámbito da colaboración e cooperación entre concellos para dotar dunha maior eficacia e eficiencia os servizos e as actuacións en materia de igualdade no ámbito territorial de Galicia.

De conformidade co artigo 25.2 o) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Concello, ten competencia propia en actuación na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como, contra a violencia de xénero; e o artigo 80.2 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, tamén atribúe competencia propia para a execución e programas destinados á muller.

O obxecto da licitación é a contratación do SERVIZO DE PROGRAMACIÓN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE PONTEAREAS.

En vista das características do contrato:

Contratación do servizo “ **SERVIZOS DE PROGRAMACIÓN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE PONTEAREAS** ”





Procedemento: Aberto Simplificado	Tramitación: Ordinaria		Tipo de contrato: Servizos
Clasificación CPV: 98200000-5 Servizos de asesoramento sobre igualdade de oportunidades	Acepta renovación: Non	Revisión de prezos / fórmula: Non	Acepta variantes: Non
Orzamento base de licitación: 11.985,39 €	Impostos: 2.080,11€		Total: 11.985,39 €
Valor estimado do contrato: 9.905,28 €	Impostos: 2.080,11€		Total: 11.985,39 €
Duración execución: A duración do contrato será dende o día seguinte a sinatura do contrato ata o 31 de marzo do 2025. Subdividido en dous períodos: un primeiro período dende o día seguinte a sinatura do contrato ata o 30 de novembro de 2024 e un segundo período do 1 de decembro de 2024 ao 31 de marzo de 2025.			Non admite prórrogas.
Garantía provisional: Non	Garantía definitiva: Si 5%		Garantía complementaria: Non

Visto que constan no expediente memoria xustificativa, prego de cláusulas administrativas particulares, prego de prescricións técnicas, documento de retención de crédito e informes favorables de secretaría e intervención municipais emitidos o 14 de xuño de 2024; de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e, en virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado do **“SERVIZO DE PROGRAMACIÓN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE PONTEAREAS”**, convocando a súa licitación.



SEGUNDO: Aprobar o gasto correspondente para o financiamento do contrato descrito, existindo unha retención de crédito polo importe de 6.665€ na partida do orzamento 23103-2279967, sendo suficiente para cubrir o custo correspondente á anualidade 2024, asumindo o compromiso de dotar no orzamento do exercicio 2025 as contías debidas pola achega de 2025.

TERCEIRO: Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato da "**SERVIZOS DE PROGRAMACIÓN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE PONTEAREAS**".

CUARTO: Publicar o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público e no perfil do contratante, co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO: Publicar no perfil do contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SEXTO: Finalizado o prazo de presentación de proposicións, procederáse á apertura das proposicións en acto público e á súa valoración.

SÉTIMO: Efectuada a valoración das proposicións e a proposta de adjudicación, comprobaráse no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, que o adjudicatario proposto cumpre cos requisitos necesarios de capacidade e procederáse á adjudicación do contrato.

A alcaldesa, M^a Nava Castro Domínguez
(documento asinado dixitalmente)

